

SAÍDA A ORTIGUEIRA, SENRA E CUÍÑA

Aquel martes ía ser un día pouco común. A nosa "profe" de bioloxía tinx-nos programada, ós alumnos de 4º da E.S.O., unha visita didáctica á ría de Ortigueira co fin de ver máis de preto as aves e animais que se benefician da súa riqueza natural.

Saímos do centro ó remata-lo primeiro recreo. O chegar á primeira parada do noso itinerario agardábannos dous monitores que, posteriormente, nos amosarían as diversas especies que ali habitaban.

Cando chegamos ó devandito lugar, a beleza era tal que resulta difícil explicalo dende a humildade destas poucas liñas.

A inmensa actividade dos animais, a elegancia coa que a garza real levantaba o voo, a maxestuosidade coa que a nutria se deslizaba polas tranquilas e cándidas augas da ría, a felicidade que deixaban entrever os seus ollos negros ó tempo que contaxiaban un sentimento liberal e utópico, só comparable á grandeza da fantasia natural que estabamos a vivir. Máis tarde sentín unhas ardentes bágoas que axexaban ó meu pensamento e cercaban a miña vontade.

De volta á realidade, lonxe xa de ilusións irreais, visitámo-lo observatorio ornitolóxico, onde se comezaba a apreciar o impacto do home sobre a natureza. Ali faláronnos dos ánades e dos seus costumes, características, alimentación...

En fin, o derradeiro paso dunha proveitosa viaxe que quedará nas miñas lembranzas por se-la primeira vez que, exercendo o meu dereito como ser humano e deixándome levar libremente polo meu pensamento, fuxín da monotonía e da realidade, da ordinaria rutina de todos os días e emprendín unha viaxe cara á ilusión, que se cadra tardarei en esquecer.

Álvaro Abella Lage (4º C)